

# BOLETIN INFORMATIVO

"A todos los que  
nos sentimos  
protagonistas  
del campo"



**COOPERATIVA  
MELISANTO**

Agüeiros  
FURELOS

**MELIDE**



981 50 60 26



**EDICION  
TRIMESTRAL**

Depósito Legal:  
C-830-87

**N.º 4/06**

# NOTICIAS BREVES



Este ano a cooperativa apostou forte pola **Sección Horta** facendo un investimento de 933.226,16 euros entre a construción da nave no Polígono industrial para a clasificación, envasado e conservación dos produtos hortícolas obtidos nas explotacións dos socios para a súa mellor comercialización, xunto co equipamento da mesma e a instalación dun invernadoiro para a produción de planta. Esta acción innovadora na comarca que trata de buscar producións alternativas para mellorar a renda dos socios conta cunha subvención por parte da Consellería do Medio Rural de 299.012,72 euros e para facerlle fronte ao resto dos gastos obtívose un préstamo ICO subvencionado por importe de 500.000 euros.

Nas outras seccións da cooperativa os investimentos acadaron os seguintes números: Fábrica de pensos: 25.472,13 ¤; Maquinaria: 34.482,75 ¤; Economato: 3.834 ¤; sección Ordeño e Agrupación de Produtores de Leite: 18.376,21 ¤ e en Servizos centrais: 3.818,83 ¤.



Recientemente a firma Det Norske Veritas (DNV) realizou a correspondente auditoría a todo o proceso da Fábrica de pensos desde a recepción das materias primas ata a distribución dos pensos nas explotacións dos socios para obter con resultado satisfactorio a renovación do **CERTICADO DE CALIDADE segundo a Norma UNE-EN ISO 9001:2000**. Este certificado segue sendo unha garantía de que se están facendo as cousas ben ao longo de todo o proceso.



No actual ano 2006 viuse **incrementado o número de socios da cooperativa en 18**, sendo na súa maior parte mozos novos que se acolleron ás axudas que anualmente establece a Consellería do Medio Rural na liña de redimensionamiento das asociacións e que alcanzan o importe do 50 % da aportación do socio. En caso de existir máis agricultores, menores de 40 anos que teñan interese por facerse socios de MELISANTO, deben poñerse en contacto coas instalacións da cooperativa para telos en conta unha vez que estea aberto o prazo para solicitar de novo as axudas do vindeiro ano.

Hai unha demanda por parte de moitos socios para a creación dunha **Agrupación de Defensa Sanitaria de vacún** e xa nas asembleas xerais de xuño dos anos 2005 e 2006 se tomou o acordo neste sentido, sempre e cando se fixese baixo a figura xurídica de MELISANTO. Por este motivo os responsables da cooperativa contactaron coa Consellería do Medio Rural para ver as posibilidades da súa constitución, aclarándonos de que no ano que imos comezar sairá publicada no DOG unha disposición que vai modificar a regulación destas ADS e contemplará a correspondente liña de axudas para ser potenciadas. Desde aquí comunícaselle a todos os socios que estean interesados en participar na súa constitución se poñan, a maior brevidade posible, en contacto coas oficinas da cooperativa e así poder avanzar en todo o proceso de constitución antes de que saian publicadas as axudas.

---

Tamén como actividade demandada polos socios e considerada como unha inquietude por parte do Consello Reitor desta cooperativa, está pendente de seguir os trámites para levar a cabo a constitución dunha **Empresa agraria de carácter comunitario**. Desde a Consellería do Medio Rural comunicóusenos que no próximo ano haberá un novo Real Decreto que regulará as axudas da Unión Europea para a mellora e modernización das explotacións e incorporación dos xóvenes ao campo ás que será preciso optar de cumprirse os requisitos que se exixan. No mes de xaneiro os socios interesados terán información para celebrar unha nova reunión e tratar o tema en profundidade.

---

Un ano máis estase aproximando a **Campaña de abonado** de praderías ou terreos de labradío para obter as mellores cosechas. Co fin de aforrar gastos á hora de subministrar os fertilizantes ás explotacións dos socios e interesante buscar a forma de completar camións poñéndose de acordo veciños ou familiares de parroquias ou aldeas limítrofes. Os interesados poden aportar suxerencias para mellorar o servizo con respecto a anos anteriores e anotarse na taquilla de despacho ou nas oficinas da cooperativa antes de mediados do mes de xaneiro.

---



Desde hai xa bastante tempo a cooperativa conta cunha **páxina web na que está instalado un portal de MELISANTO**. Nel podemos observar a historia da cooperativa desde a súa constitución, os deberes e obrigas dos socios, requisitos para ser socio, liñas de axuda que están en vigor para poder ser solicitadas, etc. etc., e desde a propia páxina podemos ter acceso a través de diversos enlaces a outras páxinas como ao Diario Oficial de Galicia, aos mapas do SIXPAC, ao Catastro ou outras con noticias dedicadas ao agro. O enderezo para entrar nela é: . Como cada vez é máis normal que a informática vaia introducíndose no medio rural todos aqueles que teñan acceso a internet poden consultala e incluso aportar suxerencias para conseguir que sexa mellorada.

---



A partir dos primeiros días do mes de febreiro estará aberto o prazo para a **solicitude das Axudas da PAC** correspondentes ao ano 2007. Con anterioridade cada un dos afectados vai a recibir do FOGGA un escrito coa información relativa aos dereitos definitivos que lle foron asignados no marco do novo réxime de pagamento único. Esta información tamén poderá consultala vía internet na páxina web na Consellería do Medio Rural no enderezo <http://mediorural.xunta.es/PAC> utilizando o seu NIF/CIF e a clave de acceso que se indicará no encabezamento do escrito recibido.

---



O Consello de Ministros do pasado día 15 de decembro aprobou un Real Decreto para a **renovación do parque de maquinaria agrícola** cunha dotación para o ano 2007 de 18.500.000 euros e cun importe medio de axuda duns 130 euros por CV do tractor que se pretenda achatarrar. Neste caso, ademais dos tractores amplían a axuda a outras máquinas automotrices con máis de quince anos de antigüidade e dez anos no caso de equipos de recolleita que sexan achatarrados e adquiridos novos modelos. Esta liña de axuda será de aplicación unha vez que a Xunta de Galicia saque a correspondente disposición no Diario Oficial.

---

## PREVENCIÓN CONTRA O LUME NO CAMPO

O Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais publicado no DOG do 30 de xuño, xunto coa Lei de Montes conforman o marco normativo para evitar o ter que loitar contra o lume no medio rural.

As novidades que aporta esta norma son o establecemento de novas medidas de protección do espazo rural fronte aos incendios, a regulación do réxime de comunicación e autorización de queimas e a regulación das repoboacións forestais nos perímetros de asentamento de poboación.

### **Comunicación e autorizacións da queima**

Para a realización de traballos en terreos agrícolas como a queima de restos amoreados situados a menos de 400 metros do monte precisarase telo comunicado cunha antelación mínima de dous días ante os órganos competentes. Para queimas de restos forestais, queimas controladas de matogueiras, pasteiros... requírese solicitar autorización cunha antelación mínima de sete días. Tanto as comunicacións como as solicitudes de autorización poden presentarse nas oficinas provinciais do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios, nas oficinas dos distritos forestais ou nas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural.

Por outra banda, toda queima deberá cumprir as seguintes prescricións xerais:

- Antes do comezo da queima farase unha devasa eliminando todo o material combustible nunha franxa mínima de 5 metros que rodee todo o perímetro da queima.

- Se as condicións meteorolóxicas puideran dificultar o control da queima, especialmente o vento, non se poderá iniciar, e deberá apagarse inmediatamente, se por exemplo o vento se levanta unha vez comezada a queima.

- A queima non se iniciará antes de saír o sol e quedará extinguida dúas horas antes do momento da posta, e non se abandonará a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea completamente apagado e logo de dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

-Por último, en todas as queimas autorizadas contarase co persoal e material axeitado para ter o lume controlado en todo momento.

## **Protección do espazo rural e dos asentamentos poboacionais**

A aplicación deste punto que tería evitado, en moitos casos, as situacións de risco para as vivendas, declara como faixas de especial protección as seguintes:

-Todas as parcelas que se atopen, fóra do monte, a menos de 25 metros do seu perímetro.

-Todos os terreos forestais, rasos ou arborados que se sitúen a unha distancia inferior a 10 metros do perímetro do monte do que forman parte.

-Unha faixa de 25 metros arredor de edificacións, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transporte que estean situadas a menos de 400 metros do monte.



Os propietarios dos terreos forestais situados nestas faixas de especial protección terán que cumprir as seguintes medidas de protección:

- a) Manter os terreos que abrangue a faixa libres de vexetación accesoria (matogueiras) e coa masa arbórea rareada.
- b) Manter limpas de vexetación as vías e gabias de titularidade privada.

Ademais o decreto indica neste punto que, de darse o caso, a Xunta instruírá expedientes sancionadores se non se cumpre o anterior, e procedendo á execución subsidiaria dos traballos, repercutindo os gastos aos propietarios dos terreos.

## **Regulación das repoboacións forestais**

No tocante ás repoboacións forestais o Decreto 105/2006 marca tamén unhas determinadas directrices á hora de plantar, como a obriga de separar 10 metros como mínimo dos terreos rústicos agropecuarios. Respecto ás edificacións as distancias mínimas para as repoboacións son:

- 1.- Para eucaliptos e chopos..... 50 metros
- 2.- Resto das especies..... 25 metros a vivendas ou instalacións preexistentes, e 50 metros a industrias ou instalacións perigosas preexistentes.

As ordenanzas municipais poden incrementar estas distancias se se considera necesario, e dentro destas normas non se inclúen a plantación de pés illados ou setos de especies ornamentais.

Ademais desto os propietarios están obrigados, segundo indica o decreto, a manter en todo momento limpas de maleza, restos ou xermolos de árbores as faixas do terreo resultantes da salvagarda das distancias mínimas, así como manter limpa toda a superficie da repoboación, en condicións axeitadas para a prevención e mellor defensa contra os incendios.

Por último establécense como prohibicións a repoboación en solo urbano e núcleos rurais, así como en terreos dedicados a labradío ou pasteiros, e as repoboacións con *acacia negra* e *mimosa* polo seu carácter invasor.

# PRÁCTICAS CORRECTAS DE HIXIENE NA PRODUCCIÓN LÁCTEA (Continuación)

## ORDEÑO, ALMACENAMENTO E CALIDADE DO LEITE

### **Obxectivos:**

-Perseguir evitar a contaminación do leite durante todas as fases do ordeño e almacenamento. O ordeño é a etapa clave no proceso de produción nunha explotación leiteira. As condicións hixiénico sanitarias e pautas de ordeño deben garantir a produción de leite de calidade e unha boa imaxe da explotación.

-Tomar as medidas apropiadas para ordeñar respectando a saúde das vacase e o seu benestar, así como garantir boas condicións de traballo para o muxidor. Débense tomar as medidas axeitadas para evitar que o leite poida deteriorarse durante o almacenamento.

## **Local de ordeño e leitería**

### **Requisitos:**

O local de ordeño e a leitería estarán deseñados e equipados para garantir condicións hixiénico sanitarias adecuadas e protexer o leite contra calquera foco de contaminación. Terán sistemas de iluminación e ventilación satisfactorios. Estarán separados de retretes e esterqueiras.

Os pisos e as paredes serán doados de limpar e desinfectar. Os pisos facilitarán a evacuación dos líquidos, existindo un sistema de drenaxe.

A leitería estará separada do exterior cunha porta que permita pechala. Terá o teito illado e pechado. Debe estar claramente separada dos locais nos que están estabulados os animais o do local no que se ordeña.

Disporase dun sistema de abastecemento de auga de consumo humano (auga potable) suficiente. Se a auga non procede da rede pública, débese dispor dun sistema de potabilización axeitado e suficiente. Debe garantirse un abastecemento de auga quente en cantidade e temperatura suficientes, que alcance cando menos os 40 graos centígrados.

### **Prácticas correctas:**

Eliminarase o lixo e refugallo de xeito adecuado. Tomaranse as medidas apropiadas para evitar a introdución e a presenza de animais daniños e pragas nestes locais, comprobándose con frecuencia a ausencia de infeccións por pragas.

Non se almacenarán produtos químicos, medicamentos ou residuos perigosos no local de ordeño ou na leitería. Limpiarase o local de ordeño inmediatamente despois de cada ordeño e a leitería cando menos unha vez ao día.

Se a auga das instalación non provén da rede pública, realizaranse análises coa frecuencia axeitada para garantir a súa potabilidade, conservando os resultados obtidos nos dous últimos anos.

## **Materiais, equipos de ordeño e de refrixeración do leite**

Requisitos:

Os equipos e materiais deben garantir un sistema de ordeño e almacenamento do leite en condicións hixiénico sanitarias axeitadas e protexer o leite contra calquera foco de contamenación.

As superficies dos equipos en contacto co leite serán doadas de limpar, de materiais lisos, lavables e non tóxicos.

A regulación da máquina de ordeño (baleiro, pulsacións, etc.) estará adaptada aos animais. O tanque disporá dun dispositivo de medida da temperatura. O leite almacenado no tanque terá unha temperatura máxima de 8 graos centígrados no caso de recollida diaria e de 6° noutros casos. O tanque debe ser capaz de alcanzar esa temperatura nun tempo máximo de 3 horas desde o final do ordeño. A temperatura mínima será de 0°.



### **Prácticas correctas:**

Para todas as operacións de limpeza de equipos ou materiais en contacto co leite empregarase auga de consumo humano.

Limpar o equipo de ordeño e o equipo de refrixeración do leite segundo o procedemento establecido: enxuagado con auga fría ou tépeda, lavado con auga quente e deterxente desinfectante alcalino axeitado, aclarado final suficiente, escurrido e drenaxe de todas as partes do equipo. Coa frecuencia axeitada eliminaranse os depósitos de cal cun produto ácido apropiado. Limpar o equipo de ordeño despois de cada muxidura.

Realizar a limpeza e desinfección do tanque despois de cada recollida de leite e cando menos cada 48 horas. Limpar e desinfectar os recipientes e materiais en contacto co leite, despois de cada ordeño, manténdose axeitadamente protexidos ata o seu seguinte uso.

Empregar produtos de limpeza e desinfección recoñecidos e autorizados, correctamente etiquetados, seguindo as instrucións de uso e respectando a rutina de limpeza establecida, de tal xeito que non haxa risco de que se mesture co leite ou poida contaminalo. Arquivar todas as fichas técnicas e de seguridade dos produtos empregados.

Manter en boas condicións de uso e hixiénico sanitarias os equipos de ordeño e de refrixeración do leite respectando as normas do fabricante.

Renovar as pezas que sofren deterioro polo emprego, como teteoiras e tubos elásticos segundo as indicacións do fabricante, conservando as facturas ou albaráns das mesmas coas súas especificacións técnicas e a data da súa instalación, cando menos ata a súa reposición.

Asegurarse diariamente do bo funcionamento do equipo de ordeño e tanque de refrixeración, comprobando, en particular, o tempo que tarda en alcanzar a temperatura de refrixeración e o mantemento dela.

Cando menos unha vez ao ano un técnico autorizado realizará unha revisión completa dos equipos de ordeño e de refrixeración. Conservar as fichas de revisión dos equipos asinadas polo técnico ata a súa actualización, así como os xustificantes das posibles reparacións realizadas.

## **Ordeñadores e muxidores**

### **Requisitos:**

Os ordeñadores cumprirán as normas de hixiene en canto a actitudes, hábitos e comportamentos. Terán unha formación axeitada en hixiene alimentaria. Disporán de instalacións para traballar en condicións axeitadas.

### **Prácticas correctas:**

Muxirase segundo un plan establecido, vixiando protexer o leite contra calquera foco de contaminación.

As persoas que padezan enfermidades contaxiosas non muxirán as vacas. O ordeñador lavará as mans e brazos con auga potable antes de cada muxidura e cada vez que sexa necesario durante o proceso de ordeño. Usará roupa limpa para ordeñar. Non se pode proceder ao ordeño con feridas abertas. Non se pode fumar, comer, beber... durante o ordeño.

## **Pautas de ordeño**

### **Requisitos:**

○ ordeño realizárase segundo os procedementos establecidos, respectando as necesidades fisiolóxicas e protexendo a saúde dos animais. Realizarase en condicións hixiénico sanitarias adecuadas. A rutina de ordeño deberá garantir poder detectar leite anormal.

### **Prácticas correctas:**

Realízase cada paso da rutina con coidado e sen traumas para a vaca. Empregarase un sistema adecuado e seguro para separar o leite non apto para o consumo humano (leite de animais enfermos ou en tratamento).

Ates de empezar o ordeño verificárase; que os animais non presenten síntomas de enfermidades contaxiosas transmisibles ao home, que estean en bo estado de saúde en xeral e que non presenten feridas nos tetos; palpará o ubre para detectar posibles signos de mamite. Os tetos lavaranse con auga tépeda e secaranse con toallas individuais ou limparanse con toallas impregnadas nunha solución desinfectante para cada vaca

Controlárase o leite de cada animal, observando en particular a presenza de coágulos, fibras ou leite augada. Elimínanse os primeiros chorros de leite. Colócanse as teteiras con precaución e practícanse un ordeño rápido e completo, evitando os sobreordeños. Retíranse as teteiras de xeito correcto, sempre despois de cortar o baleiro. Inmediatamente despois do ordeño regáranse os tetos cun desinfectante autorizado, seguro e efectivo, evitando que as vacas se tumben inmediatamente despois do ordeño.

## **Calidade do leite**

### **Requisitos:**

○ leite cumprirá os requisitos legislativos para xérmenes, células somáticas, punto crioscópico e ausencia de residuos de antibióticos.

### **Prácticas correctas:**

Cada mes recolleranse polo menos dúas mostras de leite para a súa análise. Os resultados das análises empregaranse como indicadores para actuar sobre: concentración de xérmenes (limpeza das instalacións e o gando ou a limpeza e funcionamento do sistema de ordeño e almacenamento do leite); concentración de células somáticas (situación de mamite do rabaño, estado das instalacións -camas-, ordeño -baleiro-, contaxios); punto crioscópico (limpeza e funcionamento do equipo de ordeño); ausencia de residuos de antibióticos (funcionamento de sistema de identificación, notificación e separación do leite de animais tratados).

No caso de realizar control leiteiro, os resultados individuais das células somáticas de cada vaca empregaranse como indicador do estado sanitario do ubre e para realizar posteriores revisións (test de California, mostras por tetos e cultivos).

Manterase un rexistro actualizado cos resultados das análises das mostras de leite realizadas. Este rexistro arquivarase durante tres anos.





## AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE NACIONAL DE MAQUINARIA AGRÍCOLA.

O Consello de Ministros do pasado día 15 de decembro aprobou un Real Decreto polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola.

Nos presupostos do ano 2007 está prevista unha dotación para as axudas por este concepto de 18.500.000 euros, nos que se inclúe tanto a promoción de novas tecnoloxías en maquinaria e equipos agrarios como a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola. Os fondos transferidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás comunidades autónomas poderán destinarse a financiar unha ou outra, no caso de que as solicitudes en calquera delas superen o crédito dispoñible.

Estas axudas concederanse mediante subvencións xestionadas polas Comunidades Autónomas aos titulares de tractores e máquinas automotrices con máis de 15 anos de antigüidade (en anos anteriores exixían 20 anos) e de 10 anos no caso dos equipos de colleita que sexan achatarrados e se adquiran novos modelos. Noutras convocatorias de axuda só eran auxiliados os tractores.

Estas axudas tamén serán compatibles coas previstas na regulamentación comunitaria sobre a axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europea Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

### **Utilidade desta axuda**

A utilidade desta axuda será efectiva xa que a renovación producirase xa que o achatarramento debe ir acompañado da compra dun novo tractor ou máquina automotriz. Tamén se permitirá comprar máquinas arrastradas, ben sementadoras directas ou equipos de aplicación de fertilizantes orgánicos con dispositivo de localización.

Estas últimas máquinas foron seleccionadas polo seu mellor comportamento enerxético e o seu menor impacto ambiental.

## **Beneficiarios:**

Os beneficiarios aos que van dirixidas estas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser titular de explotación agraria ou tratarse dunha cooperativa ou outra forma asociativa.

- Acreditar a viabilidade económica da explotación

- Acreditar o cumprimento das normas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e da capacidade e competencia profesionais.

- Cando se trate de persoas xurídicas, acreditar que a súa actividade principal é a agraria coa presentación dos estatutos e documento de constitución.

- Ser titular do novo tractor ou máquinas e dos achatarrados, xustificado coas correspondientes inscricións no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).

## **Cuantía das axudas**

A cuantía base da axuda está fixada en 80 euros por cabalo de vapor (CV) do tractor e máquina automotriz achatarrados, con posibles incrementos por ser unha explotación agraria prioritaria, agricultor mozo, muller ou atoparse a explotación en zona cualificada como de montaña ou desfavorecida. En anos anteriores esta axuda base estaba fixada por CV en 30 euros. No caso de cooperativas ou Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) estes incrementos ascenden a 70 euros por CV.

Tamén se incrementa a axuda para favorecer o achatarramento de tractores antigos, carentes de estrutura de protección homologada, así como para a adquisición de tractores novos con maior eficiencia enerxética ou con menores emisións de gases contaminantes.

De acordo cos valores anteriores, pódese estimar unha axuda media para as solicitudes de 130 euros por cabalo de vapor (CV), mentras que antes no caso máis favorable podía acadar os 85 euros.

Actualmente, con esta liña de axuda, cunha potencia media de 70 CV do tractor ou máquina achatarrada, o montante superaría os nove mil euros.

Para lograr que as axudas sexan máis interesantes e así renovar o parque, obxectivo principal deste Real Decreto, trátase de simplificar os trámites, aumentouse a cuantía e rebaixouse a antigüidade mínima dos tractores para acollerse á axuda, así como tamén se poderán achatarrar máquinas automotrices.

## **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes non estará fixado mentras a Consellería do Medio Rural non saque a correspondente disposición no Diario Oficial de Galicia e fixe dita data.





*Avanzamos en el camino de la calidad...  
Porque nos debemos a los socios*

## O CONTROL DE CALIDADE NA FÁBRICA DE PENSOS

Desde o ano 2001 MELISANTO está involucrada no afán de dar satisfacción ás exixencias dos socios na fabricación, comercialización e distribución dos pensos de nutrición animal contando a partir desas datas co CERTIFICADO DO SISTEMA DE XESTIÓN conforme á Norma UNE-EN-ISO 9001:2000 que foi expedido pola empresa DET NORSE VERITAS (DNV) avalada por ENAC (Entidade Nacional de Acreditación).

Este **Certificado de calidade** ten que ser renovado periódicamente, e o pasado día 26 de outubro, despois de pasar a correspondente Auditoría con satisfacción, podemos afirmar que continuamos na liña de mellorar a permanente atención aos socios.

Deste xeito, ano tras ano, tamén os propios socios mostran o seu grao de satisfacción a través das enquisas das que reflectimos as gráficas dalgunhas delas:

